

Música, memoria, poesía

Herdeiras de Carmen Penim



Herdeiras é un libro-CD (poemas musicados, artigos e un audiovisual) no que colaboran as herdeiras e herdeiros (netas e netos e fillas) de represaliados na época da guerra e a posguerra; e as principais intelectuais e poetas de Galiza que produciron obras sobre este tema.

Herdeiras fala de muller e dereitos, fala da construción da identidade, da

visibilización, do sentido de herdanza, recuperando historias de mulleres resistentes e solidarias, represaliadas ás veces só por ter loitado por dereitos que hoxe consideramos obvios. E fala de memoria, porque o esquecemento non trae a paz serena que queremos, porque non nos queremos repetir e queremos sentirnos orgullosas de ser netas e fillas de mulleres fortes e dignas.

Aprendendo a ladrar de Xardín desordenado

Este CD inclúe 17 cancións elaboradas a partir dos



poemas de 17 poetas galegas de diversas xeracións, entre elas Olga Novo, María Lado, Chus Pato, Marta Dacosta, Luz Pichel, Emma Couceiro, Emma Pedreira, Marica Campo e a mesma Rosalía de Castro, co seu poema "Meniña gaitreira" nunha versión ben animada de fado.

Xela Arias

Día das letras galegas 2021

Xela Arias (Sarria, 1962- Vigo, 2003)

Poeta, tradutora, editora, correctora de estilo na editorial Xerais, colaboradora na prensa e profesora.

Obras poéticas:

Denuncia do equilibrio, 1986

Tigres coma cabalos, 1990

Darío a diario, 1996

Intempériome, 2003

Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004), 2018

Obras colectivas:


Palabra de muller, 1992

Camelias para elas, 1999

Alma de beiramar, 2003

Elas 2: antoloxía poética, 2003

Tradutora de moita obras desde o portugués, castelán, italiano, inglés e francés.



<https://www.facebook.com/FundacionRosalia/posts/1890508667744504/>

Febreiro arrecende a...

Poesía

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo anímanvos a ler e participar no **Día da Poesía 2021**



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



De todo un pouco

Ninguén morreu de ler poesía: Aldaolado



Ninguén morreu de ler poesía é unha instantánea, a postal do país da poesía, unha guía de viaxes, un souvenir, un «estiven en Aldaolado e acordeime de ti». Para pegar na porta do frigorífico ou tecerle un tapete de fío e poñelo derriba da tele.


Este libro é unha antoloxía do proxecto que as une desde hai xa quince anos, Aldaolado.

Poemas, cancións e historias

que foron levando polos recitais cos que percorren o país, demostrando que a poesía en directo pode ser divertida.

Árbores no deserto de Rosalía Fernández Rial

Rosalía Fernández Rial
ÁRBORES
NO DESERTO




Tal e como se di no blog Literafilia este libro é un poemario dos “que rompen as formas, que retorcen as palabras e que imaxinan un mundo mellor” como fai *Árbores no deserto*, a recente proposta de Rosalía Fernández Rial, cuxos **versos nacen a partir de citas de autoras claves no feminismo**, como son Sojourner Truth, Flora Tristán, Concepción Arenal, Rosalía de Castro,

Emma Goldmann, **Virginia Woolf, Clara Campoamor, María Zambrano, Simone de Beauvoir, Kate Millet e Malala**. O libro estrutúrase, pois, coma un alegato feminista e a autora relaciona a estas mulleres e a tantas outras co esquecemento ao que foron sometidas, co patriarcado que as sepultou, e propón versos ateigados de revolución, a das palabras”.

Poetas premiadas

Atlas de Alba Cid

Premio Nacional de Poesía Xove Miguel Hernández 2020, concedido polo Ministerio de Cultura e con 20.000 €.



O xurado destacou que a obra premiada constitúe “unha reflexión sobre como a literatura elabora mapas da realidade e sobre o valor moral que pode ter a literatura como problematización do mundo. É poesía tanto do coñecemento como da emoción, e presenta unha nova cartografía en que se funde o mapa do corpo co do planeta, a memoria e o enigma”. Tamén se resalta que é unha obra “escrita coa lóxica do asombro e chea de referencias culturais que se contemplan desde unha mirada excéntrica que fermenta en rebeldía.”

Feliz Idade de Olga Novo

Premio Nacional de Poesía 2020, concedido polo Ministerio de Cultura e con 20.000 €, para o xurado un relato vitalista que celebra o amor e la existencia máis alá do tempo.

Versos dun presente puro e esperanzado que tenden pontes interxeracionais, entre pasado e futuro.



A propia poeta di que o poemario é circular pois xunta nun único elo a concepción e o nacemento da súa filla e a desmemoria e o pasamento do seu propio pai. Dille á filla: o libro “nace contigo, e remata coa morte do meu pai, aínda que o seu bosque de cromosomas ten continuidade en ti”.

Poesía e canción

Daquelas que cantan.

Rosalía na palabra de once escritoras galegas.



Este libro-CD publicouse no cincuentenario da Fundación Rosalía de Castro e once autoras recitan os seus poemas para Rosalía.

Liberar as arterias de Sés

O sétimo álbum de Sés mantén e realza a súa valente mensaxe e no que viaxa de norte a sur, todo filtrado pola súa alma de ‘cantareira’. Sés converteuse nunha das artistas máis exitosas da Galiza polo seu carisma e discurso, así como pola forza e calidade das súas cancións. En varias delas réndelle homenaxe a Luz Fandiño, a poeta analfabeta (tal e como ela mesma se identifica).



Costuras de Guadi Galego

Neste novo disco, Guadi inclúe conscientemente a poesía e as voces das autoras “porque creo que a poesía moitas veces non chega aos oídos da xente tan directa como a música e introducila nun concepto artístico como o musical énchea moito e achégaa ao público”.



Unha delicia poética e musical.